



FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2013 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) é unha fundación de interese galego dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar que pretende dinamizar e mellorar a capacidade competitiva do sector cárnico de Galicia.

Dende a súa constitución, a Fundación vén desenvolvendo unha actividade moi significativa no impulso da I+D+i dentro do sector cárnico, como se reflicte na colaboración mantida con diversas entidades públicas e privadas e os numerosos proxectos de innovación promovidos ao abeiro de diferentes convocatorias.

Son fins da Fundación o desenvolvemento tecnolóxico das empresas relacionadas co sector cárnico, en todos os terreos de actividade e todas as cabanas existentes e en particular: fomentar a investigación e o desenvolvemento en materia cárnica; mellorar as técnicas de xestión produtiva; coordinar a correcta utilización de todos os medios tecnolóxicos existentes en Galicia; asistir ao sector nos procesos de adaptación legislativa; atender a formación profesional dos recursos humanos; establecer as estruturas organizativas que sexan pertinentes; prestación de servizos oportunos; promover estudos e publicacións; elaboración de normativa legal e regulamentaria.

As liñas de acción do CTC baséanse en catro eixes fundamentais: servizos ás empresas cárnicas; I+D+i no ámbito cárnico; asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; e a formación dos recursos humanos.

Os principais servizos incluídos na carteira da Fundación son os seguintes:

- Asesoramento e consultoría: deseño e implantación de sistemas de autocontrol baseados na metodoloxía APPCC, información sobre subvencións, asesoramento administrativo, elaboración de estudos xustificativos para denominacións de calidade, apoio nos trámites e requisitos para a exportación, asesoramento e deseño hixiénico-sanitario para industrias agroalimentarias, lexislación sobre aditivos alimentarios, etiquetaxe, hixiene e seguridade alimentaria, trazabilidade, medio ambiente, etc; implantación de sistemas de xestión de seguridade alimentaria, sistemas de limpeza e desinfección, desenvolvemento e avaliación de sistemas de trazabilidade, homologación de provedores, desenvolvemento de novos produtos (máis saudables, novos formatos...), optimización e posta a punto de técnicas analíticas, diagnóstico da contaminación ambiental, uso de aditivos, novas técnicas de procesado, valorización de subprodutos, implantación de marcas de calidade ou garantía, tramitación de subvencións e axudas,

solicitude de rexistros (sanitarios, agroalimentarios, patentes), etc.

- Desenvolvemento tecnolóxico e innovación: definición do proxecto, busca de financiamento, coordinación, seguimento e avaliación do proxecto, xustificación económica e administrativa, apoio na desgravación fiscal por gastos en I+D, explotación de resultados da I+D, proxectos “chave en man” en seis liñas de innovación (desenvolvemento de novos produtos, tratamentos de conservación, sistemas de envasado, novos procesos, aproveitamento de subprodutos e residuos, e emprego de cultivos iniciadores), así como a vixilancia tecnolóxica e transferencia de tecnoloxía nas liñas citadas anteriormente.
- Formación: subvencionada, a medida, en aberto, en liña, presencial, etc.
- Análises laboratoriais: microbiolóxicas, cromatográficas, físico-químicas, pegada de carbono, pegada hídrica, pegada ecolóxica, etc.
- Análises sensoriais: probas hedónicas ou afectivas, probas de control de calidade dos alimentos (proba triangular, proba de comparación por parellas, proba de ordenación por atributos, proba de avaliación por escala...), caracterización sensorial dos alimentos (perfil descritivo – QDA), etc.

De todos os servizos que presta a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne son de destacar tres deles:

Por unha banda, a través dos medios dispoñibles na planta piloto industrial, presta servizos orientados a produtos (alimentos de quinta gama, sistemas de envase, etc.), orientados a tecnoloxías (ensaio de novas técnicas de produción, novas tecnoloxías aplicadas aos procesos transformadores, etc.) e, por último, o control de procesos.

En segundo lugar, cabe salienta a importancia do panel de cata con que conta o Centro, destinado a se converter nunha ferramenta fundamental para as industrias cármicas galegas, xa que os servizos que presta permiten introducir novos produtos no mercado, implantar melloras en produtos existentes, coñecer os gustos dos consumidores, etc.

Por último, o CTC conta cunha rede de campos de ensaio e instalacións gandeiras colaboradoras que permiten, mediante ensaios e demostracións, realizar a transferencia de novas técnicas aos produtores.

En consonancia coas actuacións descritas anteriormente e que conforman a actividade do centro os obxectivos do CTC para o ano 2013 son:

I.- Desenvolvemento de proxectos de I+D+i de programas autonómicos e fomento da actividade de transferencia tecnolóxica:

É un obxectivo do CTC a potenciación das actividades de innovación e transferencia tecnolóxica. Para acadalo, entre outras actuacións programadas, o CTC vai formular e executar proxectos de innovación durante o ano 2013 nas áreas prioritarias definidas por

tres programas:

- Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C), nas liñas de apoio ao crecemento empresarial mediante o fomento da investigación e a innovación empresarial e o apoio aos centros tecnolóxicos (Consellería de Economía e Industria).
- Programa de Accións de Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal (Consellería do Medio Rural e do Mar).
- Programa de Transferencia Tecnolóxica para o Agro Galego (Consellería do Medio Rural e do Mar).

2.- Formular e executar proxectos de programas nacionais e europeos de investigación e outros:

Dado que un dos obxectivos da Xunta de Galicia é mellorar o nivel de execución do Fondo Tecnolóxico e incrementar a representatividade da participación de empresas galegas en proxectos do Sétimo Programa Marco da UE, a Fundación propónse por en marcha unha serie de liñas de actuación baseadas na dinamización da participación en proxectos colaboradores de I+D+i por parte de empresas galegas con carácter tractor en áreas estratéxicas do sector alimentario, é dicir, con capacidade para mobilizar un número significativo de axentes arredor de iniciativas innovadoras, nas que tomará parte a nosa Fundación.

Neste escenario, o CTC fíxase como obxectivo a formulación e execución de proxectos de innovación e outros que concorran ás principais convocatorias (VII Programa Marco, POCTEP, SUDOE) ou, a nivel nacional, as convocatorias INIA, CDTI ou MEC.

3.- Ampliar a oferta formativa e incrementar a empregabilidade dos traballadores galegos:

O programa formativo do CTC pretende mellorar a capacitación profesional de persoas que traballan no sector agroalimentario galego. De cara a 2013, o obxectivo é ampliar a variedade da actual oferta de formación mediante:

- Accións de formación e transferencia de tecnoloxía a entidades do sector.
- Cursos de formación e reciclaxe de técnicos.
- Formación subvencionada agroforestal, continua bonificada e para desempregados (AFD).
- Formación en aberto, a medida (presencial e en liña).
- Xornadas, seminarios, sesións de información e talleres para a divulgación técnica e científica.

4.- Incrementar os servizos prestados a todo tipo de entidades.

O obxectivo é ampliar o número de clientes que fan uso dos nosos servizos, incrementándose así a xeración de recursos propios. Para isto, de cara a 2013 preténdese incrementar a gama de servizos prestados, incluíndo o asesoramento tecnolóxico, servizos relacionados coa seguridade alimentaria, realización de trámites administrativos, información sobre lexislación, posta en marcha de novos servizos de análise, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, etc.

5.- Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial, promovendo convenios de colaboración con tódolos axentes para afondar na cooperación e o fomento das sinerxías.

A Fundación propónse favorecer a colaboración con diversas entidades tanto do sector agroalimentario coma do sistema de I+D, e con outro tipo de entidades tales como universidades, centros de formación, etc. Estas actuacións procuran obter o máximo rendemento dos recursos empregados para acadar os diferentes fins da Fundación.

6.- Outros obxectivos, como son:

- Promoción de estudos, publicacións e eventos que impulsen a cooperación e a transferencia de coñecemento.
- Fomento e mellora da transformación e comercialización dos produtos agroalimentarios galegos, como medio para gañar valor engadido nas producións.
- Apoio ás denominacións e indicacións de calidade.
- Fomento e promoción dos recursos xenéticos autóctonos de Galicia.
- Impulso da agricultura multifuncional e sustentable, etc.

1.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
Código	Descrición do obxectivo xeral	Criterio de ordenación (art. 1 da Orde do 18 de maio, instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da C.A.)
OE04	Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.	a) A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego. Mediante a modernización do tecido produtivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento de saída da recesión económica.
OE01	Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento.	c) Impulsar a economía do coñecemento. Mediante a construción dunha sociedade na cal prime a innovación empresarial, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e na cal se promova a aplicación e o emprego das TIC en todos os seus ámbitos.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
OE02	Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas.	c) Impulsar a economía do coñecemento. Mediante a construción dunha sociedade na cal prime a innovación empresarial, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e na cal se promova a aplicación e o emprego das TIC en todos os seus ámbitos.
OE03	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial.	c) Impulsar a economía do coñecemento. Mediante a construción dunha sociedade na cal prime a innovación empresarial, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e na cal se promova a aplicación e o emprego das TIC en todos os seus ámbitos.
OE01	Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento.	c) Impulsar a economía do coñecemento. Mediante a construción dunha sociedade na cal prime a innovación empresarial, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e na cal se promova a aplicación e o emprego das TIC en todos os seus ámbitos.

I.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
Código	Descrición do obxectivo operativo	Cuantificación	Programa da transferencia que o financia
M01	Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos.	000609 - Persoas beneficiadas (total) (Nº)	- Programa de formación agroforestal (Consellería do Medio Rural e do Mar). - Programa AFD (Consellería de Traballo). - Transferencias correntes e de capital (Consellería do Medio Rural e do Mar).
M02	Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas.	000776 - Proxectos de cooperación entre empresas e centros de investigación (Nº)	- Convocatorias competitivas nacionais e europeas de proxectos de investigación. - Transferencias correntes e de capital (Consellería do Medio Rural e do Mar).
M02	Fomentar a cooperación empresarial e proxectos transfronteirizos con especial atención á EURORREXIÓN.	000769 - Proxectos (Nº)	- Convocatorias competitivas nacionais e europeas de proxectos de investigación. - Transferencias correntes e de capital (Consellería do Medio Rural e do Mar).
M99	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial.	000462 - Investimento privado inducido (Euros)	- Convocatorias competitivas nacionais e europeas de proxectos de investigación. - Transferencias correntes e de capital (Consellería do Medio Rural e do Mar).
M03	Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial.	000287 - Empresas beneficiadas (total) (Nº)	- Convocatorias competitivas nacionais e europeas de proxectos de investigación. - Transferencias correntes e de capital (Consellería do Medio Rural e do Mar).

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
X	Outros obxectivos.		Transferencias correntes e de capital (Consellería do Medio Rural e do Mar).

I.1.3. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS				
Código	Actuación	Importe	(1)	(2)
A002	Accións para o fomento da estabilidade no emprego.	47.928,86	NON	NON
A009	Fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía.	885.535,41	NON	SI
A003	Apoio á creación de redes de intercambio.	421.415,43	NON	SI
A001	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial.	29.647,96	NON	SI
A011	Financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación realizados por empresas galegas.	741.676,66	NON	SI
(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.				
(2)Actuación de fomento do I+D+I.				

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS

VENTAS E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS

A partida do orzamento de explotación de ingresos “ Outros ingresos de explotación “ desglosase nos seguintes conceptos:

- Ingresos por arrendamentos: 84.575,61 €
- Prestación de servizos de laboratorios: 36.904,40 €.
- Facturación a empresas por proxectos de I+D: 306.072,16 €
- Facturación prestación de servizos de formación: 10.000 €

O criterio utilizado para o cálculo da previsión de ingresos por facturación de proxectos de I+D foi o de agregar as cantidades comprometidas en anualidades anteriores e a previsión da anualidade do 2013 fíxose a través dunha media das primeiras anualidades de proxectos concedidos no período 2007-2012 .

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIONS
	2011	2012	2013
DO ESTADO	54.000	136.816,80	90.686,38
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	753.870,99	783.349,27	612.525,11
DA UNIÓN EUROPEA	135.482,67	116.090,71	126.189,44
TOTAL	943.353,66	1.036.256,78	829.400,93

Subvencions de explotación imputadas ao exercicio 2013.

- Transferencias correntes da Consellería Medio Rural e do Mar: 441.350 €.

- Subvencions proxectos Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento da Xunta de Galicia: 154.630,11 €.

- Subvencions proxectos convocatorias nacionais e europeas: 216.875,82.

- Subvencions transferencia tecnolóxica Consellería Medio Rural e do Mar: 16.545

GASTOS

GASTOS DE PERSOAL

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2011	24,50	0	708.507,60	0	28.918,68	0
ESTIMADO	2012	28	14,29 %	771.093,44	8,83 %	27.539,05	-5,01 %
	2013	24	-16,67 %	747.440,59	-3,16 %	31.143,36	13,09 %

- Previsión de aumentos no cadro de persoal do ano 2013:
- Prevese a contratación de 7 efectivos con cargo a diversos proxectos de investigación.
- Previsión de diminucións no cadro de persoal do ano 2013:

Prevese a baixa en distintos meses do ano 2013 de 2 membros do cadro de persoal eventual por obra o servizo por remate dos proxectos de investigación aos que están asignados.

SERVIZOS EXTERIORES

SERVIZOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISION
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2011	2012	2013
C	Asesoría contable e administrativa	28.696,32	28.696,32	28.696,32
TOTAL		28.696,32	28.696,32	28.696,32

DOTACIÓNS PARA AMORTIZACIÓNS

Dotacións para amortizacións de inmovilizado previstas no ano 2013: 380.000 €

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS PÓLA ENTIDADE

Non existe a concesión de subvencións por parte da Fundación

1.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ORIXES

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS.

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2011	2012	2013
DO ESTADO			69.469,41
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	57.483,06	68.303,77	39.474
DA UNIÓN EUROPEA			
TOTAL	57.483,06	68.303,77	108.943,41

Subvencións de capital previstas para o ano 2013:

- Transferencias de capital da Consellería Medio Rural e do Mar: 39.474 €
- Subvencións de infraestructuras (INIA): 69.469,41 €

APORTACIÓNS PATRIMONIAIS

Para o ano 2013 non se agarda percibir ningunha aportación patrimonial.

FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO

Non se prevé obter financiamento alleo a longo prazo procedente do sector público

REMANENTE DE TESOURERÍA

REMANENTE DE TESOURERÍA	2012	2013
1. Dereitos pendentes de cobro	1.981.926,12	1.300.000
(+) Do orzamento corrente		
(+) De orzamentos pechados		
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		
(-) De dubidoso cobro		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
2. Obrigas pendentes de pagamento	1.489.549,46	1.128.697,58
(+) Do orzamento corrente		
(+) De orzamentos pechados		
(+) De operacións non orzamentarias		

REMANENTE DE TESOURERÍA	2012	2013
(+) De operacións comerciais		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
3. Fondos líquidos	739.000	793.168,93
I. Remanente de tesourería afectado		
II. Remanente de tesourería non afectado		
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	1.231.376,66	964.471,35

A partida de dereitos pendentes de cobro está composta principalmente por:

- Clientes por vendas e prestación de servizos.

- Importe de subvencións concedidas nun exercicio orzamentario que están pendentes de cobro. Se inclúen nesta partida subvencións de proxectos con carácter plurianual cun saldo que vai cancelándose cando se executa o pago das distintas anualidades.

A partida de obrigas de pagamento está composta principalmente por:

- Débedas con entidades de crédito (pólizas de crédito)

- Débedas por compras ou prestación de servizos.

- Outras débedas non comerciais (administracions públicas)

APLICACIÓNS

ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO

ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2011	2012	2013
Inmovilizado intanxible	2.344		
Inmovilizado material	57.898,73	69.910,15	108.943,41
TOTAL	60.242,73	69.910,15	108.943,41

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO FINANCEIRO

Non se prevé realizar adquisicións de inmovilizado financeiro

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

O orzamento de investimentos para o exercicio económico de 2013 ascende á cantidade de 108.943,41 €, dos que se financiarán 39.474 € con cargo ao capítulo VII de transferencias de capital dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería Medio Rural e do Mar, polas necesidades específicas de investimento pre-

vistas para o exercicio.

O orzamento de gastos de explotación para o exercicio de 2013 ascende a 1.642.260,92 € que se financiarán mediante subvención á explotación da Consellería Medio Rural e do Mar (capítulo IV) con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe de 441.350 €, polas necesidades de explotación previstas para o exercicio.

En relación coas axudas comunitarias da UE previstas para 2013, aprobadas polas autoridades europeas polo importe de 48.861,27 € para o ano orzamentado, destinarase na súa totalidade para sufragar gastos de explotación. Pendente de aprobación una axuda por importe de 77.328,17 €.

Respecto ao endebedamento alleo, previsto a finais de 2013 por importe de 852.000 €, será necesario para poder afrontar a xustificación da anualidade das subvencións concedidas (proxectos de I+D, transferencia tecnolóxica, programas de formación...) e realizar os pagamentos de tódolos custos exelibles tanto de gastos correntes como de investimentos efectuados no exercicio, debido ao déficit puntual que existe polo desaxuste entre cobros e pagos.

Finalmente, sinalamos as restantes subvencións públicas previstas para 2013 con cargo ao orzamento de explotación e capital:

Subvencións proxectos Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento da Xunta de Galicia: 154.630,11 €.

- Subvencións proxectos convocatorias nacionais e europeas: 216.875,82.
- Subvencións transferencia tecnolóxica Consellería Medio Rural e do Mar: 16.545
- Subvencións de infraestructuras (INIA): 69.469,41 €

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013

Formulario F.01

FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
A) Activo non corrente		1.609	1.268	997
I. Inmobiliado intanxible		5	7	5
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas		5	7	5
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmobiliado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmobles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens mobles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmobiliado material		1.602	1.259	990
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas e outro inmobiliado material		1.602	1.259	990
3. Inmobiliado en curso e anticipos				
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo		2	2	2
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros		2	2	2
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		2.149	2.744	2.104
I. Existencias		1	4	4
1. Bens destinados á actividade		1	4	4
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia				
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar		1.475	1.982	1.300
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		133	100	100
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		1.343	1.882	1.200
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013				
Formulario F.01				
FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE				
		(En miles de euros sen decimais)		
	BALANCE. ACTIVO	REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	7	19	7
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	666	739	793
	1. Tesourería	666	739	793
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	3.759	4.012	3.101

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013

Formulario F.02

FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
A) Patrimonio Neto		1.962	2.478	1.928
A-1) Fondos propios		444	444	568
I. Dotación fundacional/Fondo social		300	420	420
1. Dotación fundacional/Fondo social		300	420	420
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)*				
II. Reservas		8	8	8
1. Estatutarias				
2. Outras reservas		8	8	8
III. Excedentes de exercicios anteriores		70	13	139
1. Remanente		70	13	139
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)*				
IV. Excedente do exercicio **		67	3	1
A-2) Axustes por cambio de valor **				
I. Activos financeiros disponibles para a venda **				
II. Operacións de cobertura **				
III. Outros **				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		1.518	2.034	1.359
I. Subvencións		1.518	2.034	1.359
II. Doazóns e legados				
B) Pasivo non corrente		111	45	45
I. Provisións a longo prazo		46	45	45
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras provisións		46	45	45
II. Débedas a longo prazo		65		
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		65		
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		1.686	1.490	1.129
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		1.174	1.019	852
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito		850	852	852
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		324	167	
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		512	471	277
1. Proveedores		104	100	80
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		92	70	60
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		317	301	137
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		3.759	4.012	3.101

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013

Formulario F.03

FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS			
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	943	1.036	829
a) Cotas de asociados e afiliados			
b) Aportacións de usuarios			
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións			
d) Subvencións imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia	943	1.036	829
e) Doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia			
f) Reintegro de axudas e asignacións			
2. Gasto por axudas e outros **			
a) Axudas monetarias			
b) Axudas non monetarias			
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno			
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
3. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación **			
4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
5. Aprovisionamentos *	-123	-175	-141
6. Outros ingresos de explotación	386	305	438
7. Gastos de persoal *	-709	-771	-747
a) Soldos, salarios e asimilados	-546	-599	-580
b) Cargas sociais	-162	-172	-167
c) Provisións			
8. Outros gastos de explotación * *	-407	-356	-331
a) Servicios exteriores	-403	-354	-329
b) Tributos	-4	-1	-1
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais			
d) Outros gastos de xestión corrente		-1	-1
9. Amortización do inmovilizado *	-355	-380	-380
10. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio	341	375	375
a) Afectas á actividade propia	341	375	375
b) Afectas á actividade mercantil			
11. Excesos de provisións			
12. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado	24		1
a) Deterioros e perdas			
b) Resultado por alleamentos e outras	24		1
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)	100	33	44
13. Ingresos financeiros		1	1
a) De participación en instrumentos do patrimonio			
a1) En empresas e entidades do grupo e asociadas			
a2) En terceiros			
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		1	1
b1) De empresas e entidades do grupo e asociadas			
b2) De terceiros		1	1
14. Gastos financeiros	-17	-21	-27
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas			
b) Por débedas con terceiros.	-17	-21	-27
c) Por actualización de provisións			
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros **			
a) Carteira de negociación e outros			
b) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venda			
16. Diferencias de cambio **			
17. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros **			
a) Deterioro e perdas			
b) Resultado por alleamentos e outras			
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)	-17	-20	-27
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	83	13	17

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013

Formulario F.03

FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
	18. Imposto sobre beneficios **	-16	-10	-16
	A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+18)	67	3	1
	B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO			
	1. Activos financeiros disponible para a venta			
	2. Operacións de cobertura de fluxos de efectivo			
	3. Subvencións recibidas			
	4. Doazóns e legados recibidos			
	5. Ganancias e perdas actuariales e outros axustes			
	6. Efecto impositivo			
	B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)			
	C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO			
	1. Activos financeiros disponible para a venta			
	2. Operacións de cobertura de fluxos de efectivo			
	3. Subvencións recibidas			
	4. Doazóns e legados recibidos			
	5. Ganancias e perdas actuariales e outros axustes			
	6. Efecto impositivo			
	C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)			
	D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)			
	E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO			
	F) AXUSTES POR ERROS			
	G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL			
	H) OUTRAS VARIACIÓN			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	67	3	1

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013			
Formulario F.04			
FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE			
ORZAMENTO DE CAPITAL	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.		13	17
2. Axustes no resultado		25	32
a. Amortización do inmovilizado (+)		380	380
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)		-375	-375
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)		-1	-1
h. Gastos financeiros (+)		21	27
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente		69	48
a. Existencias (+/-)		3	
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)		507	-682
c. Outros activos correntes (+/-)		12	-12
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)		-20	184
e. Outros pasivos correntes (+/-)		-157	167
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)		-275	391
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.		-30	-43
a. Pagos de intereses (-)		-21	-27
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)		1	1
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)		-10	-16
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)		77	54
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)		-70	-109
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)			
c. Inmovilizado material (-)		-70	-109
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)		-70	-109
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio		65	109
a. Aportacións a tación fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)		65	109
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2013			
Formulario F.04			
FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE			
ORZAMENTO DE CAPITAL	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2011	ESTIMADO 2012	ORZAMENTO 2013
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)		65	109
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)		73	54
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO		666	739
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS		739	793

